

Faro *da* Cultura



O primeiro que temos que esixir a un pensador é a capacidade de provocación a prol da reflexión; diagnóstico acertado e acordar a reacción do lector (ou do ouvinte se se trata da radio). Miquel Porta Perales acadou tal condición aínda que, se repasamos a súa traxectoria, teremos que darlle o beneficio da dúbida en canto á súa autocorrección. Este enxeñeiro e filósofo catalán, habitual da prensa e de faladoiros radiofónicos, comezou repensando os discursos da esquerda desde a esquerda. Eu mesmo consulte o seu ensaio *Nació i autodeterminació. El debat nostre de cada dia* (1987) para a preparación dun congreso dun partido de esquerda nacionalista.

Agora presenta *Totalismo* (ED Libros). Neste traballo colle o termo e mais o esquema que definiu Robert Jay Lifton. Este psiquiatra norteamericano entrevistou a prisioneiros regresados da guerra de Corea e a fuxidos da R. P. China e descubriu importantes modificacións psíquicas causadas por un adoutrinamento ou “reforma do pensamento”. Un concepto, este de totalismo, que inclúe diversos compoñentes, entre outros a esixencia de pureza (un nós fronte a un eles), manipulación mística, con-



O “paraíso” homeopático na crítica de Miquel Porta Perales.



Non todo é totalismo

Contra a ditadura da felicidade

JOAQUIM VENTURA

fesión dos afectados, doutrina sagrada (inmutable) e a formación dunha neolingua.

Porta Perales aplica este esquema aos diversos movementos sociais emerxentes contemporáneos: ecoloxismo, feminismo, esoterismo, homeopatía, educación emocional, a nova pedagogía, pacifismo, os diversos populismos, autoaxuda e *coaching*, o soberanismo catalán, etc.

Porta Perales aplica o seu esquema aos diversos movementos sociais emerxentes

Movementos que se dan nunhas sociedades posmodernas narcisistas, relativistas e hedonistas e que, desde presupostos diversos (boísmo, multiculturalismo, xovenismo, leninismo/lennonismo), prometen a obtención da felicidade, do paraíso neste mundo.

Certamente, o tempo que estamos a vivir está dominado por iso que o recentemente desaparecido Zygmunt Bauman definiu como “pensamento líquido” fronte á desaparecida modernidade sólida. Hoxe queremos todo para xa, sen esforzo e sen estruturas. Todo ten que ser fácil e sen que cause traumas, moi especialmente nos ámbitos pedagóxico e infantil. Nese senso, podo coincidir

con Porta Perales na necesidade de recuperar a cultura do esforzo e da lexítima competencia. Incluso, participo da denuncia que fai dos movementos sociopolíticos emerxentes e das súas táboas reivindicativas, auténtica aspiración de barra libre (obter todo porque a todo temos dereito).

Porta Perales defende a necesidade de preservar o pensamento individual, sen que ninguén se deixe vencer por esas correntes dominantes formadas moitas veces por promesas dun mundo mellor e que para o pensador catalán son simple charlatanaría. Ao tempo, non deixa de proclamar o seu orgullo por pertencer á cultura europea, deixando de lado a utopía sartriana segundo a cal Occidente sería o culpable dos males do Terceiro Mundo.

E volvendo ao inmediato territorial, distingue lucidamente entre catalanismo –a defensa da lingua, a cultura e mais o autogoberno de Cataluña– e o nacionalismo, que propón un pensamento unanimista, pretensioso, ignorante á mantenta da legalidade e creador dun discurso que fixa unha realidade á medida, non unha descrición dela.

Perfecto. Toda distorsión na interpretación do mundo con vocación interesada é rexeitable e cómpre poñer a liberdade de pensamento por riba de todo. E todo movemento parcial que se presente como total cae case sempre no dogmatismo e nas solucións doadas. Pero se aceptamos que os fenómenos totalistas funcionan como unha relixión, o primeiro e principal totalismo é a relixión mesma. Ou non é totalismo prometer o paraíso noutra vida que terá a condición de eterna? Non son as doutrinas das relixións reveladas as principais negadoras do pensamento libre? Pero Porta Perales non entra en críticas por razóns que ignoro e sen querer pensar mal verbo de certos medios onde colabora.